



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 16 DE XUÑO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: M^a Jesús Veiga Hortas, Don Manuel Angel Leis Miguez e Dona Mar García Vidal.

Secretaria: Dona Asunción García Laseca.

Interventor: Don Francisco Javier Portela Amor.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria coa asistencia dos/as Sres./as Tenentes de Alcalde antes relacionados/as baixo a Presidencia do Sr. Alcalde don Jorge J. Tuñas Caamaño actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 2 DE XUÑO DE 2016.

Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA E OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS.

2.1.- Visto o escrito presentado por **Don Daniel Outón Suárez**, con enderezo na rúa Carballiños nº 15, desta Vila e termo municipal, no que solicita Certificado de que a finca coa Referencia Catastral nº 2909202NH2520N0001EE, sita no lugar de Baquiña - Logrosa, deste termo municipal, non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal don José Luis Gómez Cores, de data 10 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o acordo de INFORMAR o seguinte: Que, según a documentación que obra no expediente, a finca coa Referencia Catastral nº 2909202NH2520N0001EE, sita no lugar de Baquiña - Logrosa, deste termo municipal, non está incurso en expediente algún de reposición da legalidade urbanística.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.2.- Visto o escrito presentado por **Don Abdelilah Hichar**, no que solicita certificado de habitabilidade da vivenda sita na rúa Camiño Vello nº 9 – 2º Dcha, desta Vila e termo municipal. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luis Gómez Cores de data 9 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, acorda:

Que a vivenda referida no parágrafo anterior ten a seguinte distribución:
Hall-distribuidos, salón-comedor, cociña, baño e tres dormitorios.

Dispón dos servizos de auga corrente fría e quente, quentador de gas butano, subministro de enerxía eléctrica e recollida de augas residuais.

Considérase que a vivenda de referencia reúne condicións de habitabilidade.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.3.- Dona Nuria Blanco Paz, con enderezo na rúa Lisboa-Edificio Area Central, Local 31, H-I-J- Polígono de Fontiñas, 15703 Santiago de Compostela, en nome e representación de Gas Galicia, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en acometida directa para o subministro de gas natural, sita na rúa Xulian Magariños nº 6, desta Vila de Negreira. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 13 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal:

- Fíxase un aval para responder da reposición dos servizos e infraestruturas afectadas polo importe de 228,00 €.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015)

2.4.- Don Marcial Angel Pérez Pensado, con enderezo no lugar de Meiro, 17 – Aro, deste termo municipal e **Dona Jenifer Agra Fajín**, con enderezo en Vilar da Torre, 15 – A Baña, en nome e representación de **“Irmás Agra Fajín S.C”**, presentan comunicación previa para a transmisión a favor de **Dona Jenifer Agra Fajín**, en nome e representación de **“Irmás Agra Fajín S.C”**, da licenza municipal de apertura e funcionamento do Café – Bar, sito na rúa Camiño Vello nº 1 - baixo, desta Vila de Negreira da que ata o presente ostentaba a titularidade Don Marcial Angel Pérez Pensado. Vista a documentación aportada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da transmisión de licenza referida ós efectos do artigo 7 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable.

O novo titular da actividade deberá facer o ingreso das taxas que graven este procedemento de control.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.5.- Don Manuel Tomé Ramos, con enderezo no lugar de Especedo nº 5 - Bugallido, deste termo municipal, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en colocación de dúas columnas en entrada fronte a vivenda e reposición de arame, sita no lugar de Especedo nº 5 - Bugallido, deste termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 13 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal:

- As columnas situaranse a 4,00 metros do eixe da vía á que da a fronte.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezoito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.6.- Don Manuel García Ríos, con enderezo no lugar de Marcelle, s/n 15862 – A Baña, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade de “carpintería de aluminio”, sito na Avda de Santiago nº 53 - baixo, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal don Alfredo Varela Nogueira, de data 4 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable. Deberá ingresar as taxas correspondentes, segundo a Ordenanza en vigor correspondente, nas arcas municipais, requisito sen o cal a licenza non terá efecto ningún.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.7.- Dona Helga Blanco Bargo, con enderezo no lugar de Casal de Poño nº 9, 15281 - Urdilde, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade de “xoguetería”, sita no Camiño Vello nº 10, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores, de data 13 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable. Deberá ingresar as taxas correspondentes, segundo a Ordenanza en vigor correspondente, nas arcas municipais, requisito sen o cal a licenza non terá efecto ningún.

Antes do inicio da actividade deberá presentar un certificado emitido por unha empresa homologada do aillamento acústico do local, en base ó artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre Contaminación Acústica en Galicia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.8.- Dona Lucita Leis Casais, con enderezo na Avda. das Brañas nº 21 – 4º, desta Vila e termo municipal, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en colocación de fiestras nos pisos 1ªA, 2ºB, 3ªA, do edificio sito na rúa Camiño Vello nº 8, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 14 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal:

- Se fose necesario a colocación de andamios para a execución das obras deberá ser solicitado.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza

Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.9.- Don José Barbazán Nieto, con enderezo en Cabanamoura nº 16 - Outes, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en colocación de topetes de pedra desaparecidos en muiño tradicional, sito no lugar de As Pedreiras - Alvite, deste termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 14 de xuño de 2016, así coma Resolución dictada polo Xefe do Servizo de Coordinación da Area Cultural – Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Don Manuel Varela Rey, de data 19 de xuño de 2015 e a Resolución de outorgamento de autorización emitida o 7 de xuño de 2016 pola Dirección de Augas de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal, a Resolución do Xefe do Servizo de Coordinación da Area Cultural - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e a Resolución de outorgamento de autorización emitida o 7 de xuño de 2016 pola Dirección de Augas de Galicia.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF, P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.10.- Visto o escrito presentado por **Don Manuel Baña Porto**, con enderezo na Plaza del Castro – 5 – 1º D – Padrón, no que solicita certificación urbanística das fincas con referencia catastral nº 1811903NH2511S0011FI e 1811903NH2511S0012GO, conforme non ten licenza de 1ª ocupación. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 14 de xuño 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que o estado actual das obras executadas a día de hoxe consiste na distribución interior a base de tabiques de ladrillo, carpintería exterior e a porta de entrada. Carece do resto das unidades de obra necesarias para a terminación das vivendas e polo tanto ser habitables.

En consecuencia non ten concedida licenza de primeira ocupación.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.11.- Visto o escrito presentado por **Don Manuel Peón Pérez**, con enderezo no lugar de Maroñas – Mazaricos, no que solicita certificación urbanística das fincas con referencia catastral nº 15057A006004680000BR, 15057A006002970000BG e 15057A006102970000BR. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 13 de xuño 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que según o PXOM, de Negreira as fincas coas referencias catastrais nº 15057A006004680000BR, 15057A006002970000BG e 15057A006102970000BR, teñen a clasificación de solo rústico e a calificación de solo rústico de protección forestal e se axustan á definición que se fai no artigo 31.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.12.- Visto o escrito presentado por **Dona Leticia Mariño Antelo**, con enderezo no lugar de Niñarelle nº 1 – Alvite, deste termo municipal, no que solicita certificación urbanística das fincas coa referencia catastral nº 15057A005000620000BA; 15057A005000600000BH; 15057A005002800000BS; 15057A005002030000BK; 15057A005000720000BT; 15057A006006090000BA; 15057A005000640000BY; 15057A006005370000BJ; 15057A006007080000BY; 15057A005001990000BF; 15057A514005700000LT. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 14 de xuño 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que según o PXOM de Negreira as referidas fincas teñen a clasificación de Solo Rústico e se axustan á definición que se fai no artigo 31.1. da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.13.- Visto o escrito presentado por **Don José Luís Gómez Córés, en nome e representación de Dona Marisol Abeijón González**, con enderezo no lugar de Merelle - Lousame, no que solicita certificación urbanística da parcela con referencia catastral nº 3757405NH1435N0001WY, sita no lugar de Lobios, deste termo municipal. Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal Don Alfredo Varela Nogueira de data 18 de mayo 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que según o PXOM, de Negreira a parcela con referencia catastral nº 3757405NH1435N0001WY, ten a clasificación de solo de núcleo rural e a calificación de solo de núcleo rural de casarío disperso.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.14.- Don Manuel Antelo Varela, con enderezo en Avda. das brañas nº 70, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes substitución de tella da cuberta da casa e construción de peche con base de bloque e arame, sita na Avda. das Brañas nº 70, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 15 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal.

* A altura do peche non superará os 3,00 metros de altura.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.15.- Dona M^a del Carmen Vieito Mayo, en nome e representación de Don José Manuel Santos Lado, con enderezo no lugar de Ombre nº 4 - Viceso, 15865 – Brión, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en construción de base de cemento para plataforma elevadora, sita na rúa Victor García Ferreiro nº 3 – baixo (Talleres Maype), desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 16 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou

Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.16.- Dona Angela Mª Rodríguez Hombre, en nome e representación de Dona Perfecta Rodríguez Rey, con enderezo na Avda. das Brañas, desta Vila e termo municipal, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en selado de galería e revestimento en fachada con chapa de aluminio, sita en Avda. de Vilachán nº 1 -1º C, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 16 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguíranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.17.- Dona Mª Esther Carnota Campos, con enderezo no lugar de Castelán nº 5 - Campolongo, deste termo municipal, presenta comunicación previa de actos do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

lavado, arranxo e encintado de fachada frontal da vivenda, sita no lugar de Castelán nº 5 - Campolongo, deste termo municipal. Vista a documentación aportada e o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luis Gómez Cores de data 16 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto á Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu Informe o Aparellador Municipal.

* Se fose necesario para a realización das obras a ocupación da vía pública esta terá que ser solicitada.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte á Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas (art. 18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P. de A Coruña nº14 de data 21 de xaneiro de 2013)

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.18.- Visto o escrito presentado por **Dona Jennifer Agra fajín**, en nome e representación de "Irmas Agra Fajín S.C" (Cerveceria Brothers), solicitando a ocupación da vía pública cunha terraza cuberta en zona destinada a estacionamento, sita na rúa Camiño Vello, 1, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 15 de Xuño de 2016, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte.

Autorizar a ocupación da vía pública con dita terraza, que terá que cumprir ás condicións de seguridade para os usuarios e os viandantes, así coma respetar e discorrer das augas pluviais e manter as condicións estéticas acordes coa zona, e deixar completamente libre os rexistros da rede de sumidoiros.

Deberá facer efectivo o importe das taxas que graven esta autorización que serán as que determine a Ordenanza fiscal en vigor.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.19.- Don Jesús Godón Caamaño, en nome e representación de “Promocións Micraria S.L.” con enderezo na Avda. das Brañas nº 59 - baixo, desta Vila e termo municipal, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para “vado garaxe”, sito na Praza do Concello, esquina calexón do Concello, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luis Gómez Córes, de data 15 de xuño de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto a Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e, en particular as condicións que sinalan no seu informe o Arquitecto Municipal.

* O ancho será de 4, metros e a concesión será por 4 anos.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.20.- Visto o escrito presentado por **Don José Fernando Aragundi López**, con enderezo no lugar de Logrosa nº 17, deste termo municipal, no que solicita, a situación da lexislación actual en materia forestal, relativo a dúas fincas colindantes coa súa propiedade, dedicadas na actualidade á plantación forestal de diferentes especies para produción de madeira, tendo en conta a clasificación de urbanas das mesmas, sita no lugar de Logrosa nº 17, deste termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luís Gómez Cores, de data 15 de xuño de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes informa o seguinte:

Que as plantacións existentes nas parcelas numeradas cós 01, 02, e 03 no Plan Catastral adxunto ó expediente, deberán talarse si a súa plantación foi



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

posterior á entrada en vigor da Lei 7/2012, ó estar prohibidas, e en todo caso, xunto coas existentes nas parcelas 291 e 365, deberán respetar as distancias sinaladas no Anexo II da mencionada lei, según sexan frondosas ou de outra especie.

Respecto da existencia dun rego de auga, decir que á vista do Plano de Concentración Parcelaria da zona, pode afirmarse que non existen tal risco, e que o que si debe haber é unha cuneta pola que discurra a auga de chuvia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.21.- Visto o escrito presentado por **Don Aitor Hombre García**, con enderezo na rúa Cachurra nº 28, desta Vila e termo municipal, no que presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade, para "comercio de venda de mobles e bens usados de 2ª man" sito na Plaza do Concello (calexón) que comunica con rúa Camiño Vello, desta Vila e termo municipal.. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 8 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Non proceder á toma de razón da comunicación previa de apertura e/ou actividade solicitada, por coherencia có acordo 3.2 desta mesma Xunta de Goberno Local, e en cumprimento do artigo 22 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

.Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA QUE FORMULA DON MANUEL GARCÍA RÍOS.- EXPEDIENTE Nº 122/2015.

3.1.- Visto o escrito presentado por **Don Manuel García Ríos**, con enderezo no lugar de Marcelle, s/n 15862 – A Baña, no que solicita licenza de obra para acondicionamento de local para carpintería de aluminio, sito na Avda. de Santiago nº 53 - baixo, desta Vila e termo municipal e segundo o Proxecto redactado polo Arquitecto Técnico, Don José Manuel Caamaño González,. Vistos os Informes emitidos polo Asesor Xurídico Municipal, Don Javier C. Chantres Barreira, de data 31 de maio de 2016 e o Arquitecto Municipal, Don Alfredo Varela Nogueira, de data 4 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros , acorda:

Primeiro.- Conceder a **Don Manuel García Ríos**, a licenza de obra solicitada, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Segundo.- Condiciona-la licenza ó cumprimento das prescricións que figuran nas Normas Urbanísticas e no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e ás condicións da licenza.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe que corresponda, segundo a Ordenanza fiscal en vigor, tanto polo concepto de taxa

por licenza urbanística como polo concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, respectivamente.

A súa eficacia queda condicionada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- No caso de obras maiores, deberán axustarse ó planeamento do Técnico Municipal, sendo obriga do promotor e contratista o valado da zona, previa a solicitude de licenza municipal.

2.- A execución da obra axustarase ó solicitado e ós replanteos e croquis que acompañan a solicitude. Calquera modificación suporá a necesidade de nova licenza.

3.- A licenza outórgase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e deberán cumprirse as obrigas establecidas por outros Organismos.

4.- A presente licenza ensinarase a petición de calquera Axente Municipal.

5.- As fachadas das vivendas quedan suxeitas á servidume de instalacións de pracas e calquera outro tipo de instalacións que o Concello dedique a fins públicos.

6.-Deberán cumprirse as seguintes obrigas no caso de produción de residuos de construción ou demolición:

- Manter a obra en bo estado de orde e limpeza.
- Eliminar ou evacuar os residuos e escombros.
- Xestionar os propios residuos ou entregalas a un xestor autorizado para a súa valorización e/ou eliminación.

O anterior indícase consonte ó establecido nas disposicións seguintes: artigo 9 da Lei 10/1998, de Residuos; o artigo 10 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.

7.- A licenza outórgase cos seguintes prazos:

- Seis meses para comeza-las obras.
- Tres anos para rematalas.

Os presentes prazos reduciranse á metade cando se trate de obras menores para as que non se esixe proxecto.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

3.2.- SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA QUE FORMULA DON AITOR HOMBRE GARCÍA.- EXPEDIENTE Nº 34/2016.

.- Visto o escrito presentado por Don Aitor Hombre García, con enderezo na rúa Cachurra nº 28, desta Vila e termo municipal, no que solicita licenza de obra para construción de local comercial de planta baixa, sito na Plaza do Concello (calexón) que comunica con rúa Camiño Vello, desta Vila e termo municipal. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 8 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acordou.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Que examinada a documentación presentada na que se describe a parcela, cunha superficie de 80,00 m², e con fronte á Plaza do Concello (calexón), de 5,00 m. incumprindo polo tanto os parámetros da parcela mínima da Ordenanza Reguladora 2., casco medio, na que se esixe unha superficie mínima de 100,00 m² e un fronte mínimo de 8,00 m.

En consecuencia denégase a concesión da licenza solicitada, por non cumprir os requisitos esixidos.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015)

CUARTO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016” (FEADER 2014/2020).- COMUNICACIÓN DE POSICIÓN A EMPRESAS LICITADORAS.

No procedemento negociado sen publicidade, que se tramita efectuáronse consultas ás empresas seguintes:

- Excavaciones Yoni Tuñas S.L.
- Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.
- Construcciones y Obras Andújar S.L.

Con datas de 12 de maio e 3 de xuño de 2016 tiveron lugar as xuntanzas do Órgano de Negociación das que resultaron os acordos seguintes:

Primeiro.- Admitir a licitación, polo cumprimento dos requisitos esixidos no sobre A, ás empresas seguintes:

- Excavaciones Yoni Tuñas S.L.
- Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.
- Construcciones y Obras Andújar S.L.

Segundo.- Avaliar as proposicións aplicando os criterios de adjudicación do Anexo V.I e previo informe do Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 18 de maio de 2016 co seguinte resultado:

Posición 1ª : Excavaciones Yoni Tuñas S.L.: 30,32 puntos

Posición 2ª.- Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.: 18,06 puntos

Posición 3ª.- Construcciones y Obras Andújar S.L.: 15, 21 puntos.

Xa que logo, esta Xunta de Goberno Local invita ás empresas licitadoras que figuren coma admitidas no apartado 1º para que no prazo improrrogable de 48 h, presenten unha 2ª oferta en relación cós aspectos de negociación que poidan ser mellorados e que se indican no Anexo V.II

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015)

QUINTO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA (RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA TERESA FABEIRO) .- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.

Obra no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares, que será o Prego-Tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas nos Plans Provinciais aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP nº 3, de data 7 de xaneiro de 2016, así como a corrección de erros feita pública no BOP de A Coruña nº 63, de data 5 de abril de 2016.

O Anteproxecto Técnico, redactado polo Enxeneiro Técnico Industrial Don José Manuel González Iglesias, de data 26 de xaneiro de 2016 figura igualmente coma parte integrante do expediente.

A cláusula 10 do mencionado Prego terá a redacción seguinte: Cumprirá a consulta a, polo menos 3 empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo sexa posible.

